



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G003/000091

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CORRECCIÓN CÓDIGO DE OCUPACIÓN DA OFERTA DE 2 TRABALLADORES/AS FORESTAIS DO PROGRAMA APROL RURAL 2019.

EXPEDIENTE:2019/G003/000091

ANTECEDENTES:

Seguindo instrucións da Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte na que se indica que para a Oferta pública de emprego de traballador forestal que esta entidade local solicita para realizar o proceso selectivo de 2 traballadores/as forestais para o programa Aproz Rural 2019 que se proceda a identificar a ocupación de traballador forestal co **código nacional de ocupación 64.101.051**, categoría **axudante**.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Modificar o Código de ocupación, onde di CNO 95.431.028 deberá dicir, **CNO 64.101.051**, categoría axudante, na resolución do 29 de abril de 2019 pola que se aproban as bases do proceso selectivo para a contratación de dous traballadores/as como traballadores/as forestais, en réxime laboral temporal, por un período de 9 meses, para desenvolver o servizo denominado Xestión e conservación de espazos naturais do Concello de Boqueixón, a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 (CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA), publicada no DOG. Núm. 3 do 6 de xaneiro de 2019.

2º Publicitar esta modificación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello de Boqueixón, para que os/as interesados/as que queiran participar no proceso podan realizar solicitar a ocupación polo **CNO 64.101.051**, categoría axudante.

3º O oferta será presentada por esta entidade local na Oficina de Emprego de Santiago Norte o venres 3 de maio de 2019.

4º Comunicar este acordo ó departamento de secretaría e intervención e ó coordinador de obras e servizos.

En Boqueixón, martes 30 de abril de 2019

O Alcalde/Presidente



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2019/G003/000091

Manuel Fernández Munín